



O Grupo Municipal do BNG (Bloque Nacionalista Galego) de Xinzo da Limia, ao abeiro da lexislación vixente en materia de réxime local, presenta ao Pleno do Concello a seguinte **MOCIÓN** ao respecto da **SOLICITUDE DE INSTALACIÓN EN XINZO DUNHA ESTACIÓN PERMANENTE DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE VEHÍCULOS (ITV)**, para o seu debate e aprobación, se procede.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A agricultura da Limia é unha das máis mecanizadas de toda Galiza e do Estado. Só no Concello de Xinzo un cálculo aproximado eleva o censo de tractores a máis de mil e os seus correspondentes apeiros superan as tres mil unidades. O resto de pobos da comarca aportan tamén cantidades proporcionalmente significativas, sirva como exemplo o caso de Vilaseca (Trasmiras) con setenta e dous tractores.

Na actualidade toda esta maquinaria para pasar a Inspección Técnica de Vehículos (ITV) obriga aos seus propietarios a desprazarse a Ourense ou Verín, ou a agardar pola visita periódica da estación móbil, cos gastos e perdas de tempo que isto conleva xa que, por exemplo, na última visita da ITV móbil a Xinzo no primeiro día cubriuse todo o cupo de usuarios que podían ser atendidos no tempo que permaneceu instalada, o cal fixo que moitos vehículos quedasen fóra sen poder pasar a revisión.

Neste momento plantéxase por parte da empresa adxudicataria a posibilidade da creación na provincia dunha nova estación permanente que se engadiría ás actualmente existentes. No Bloque Nacionalista Galego estamos convencidos (e así o recolleemos como proposta nos nosos programas de goberno das dúas últimas citas electorais municipais) de que, se nalgunha zona está sobradamente xustificado e é absolutamente imprescindible este servizo é no noso concello, polos evidentes beneficios que reportaría aos agricultores, e a todos os veciños en xeral, da nosa comarca e doutras limítrofes como a Baixa Limia ou Celanova.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG, propón ao Pleno a adopción dos seguintes:

ACORDOS

- 1. Solicitar á Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galiza a instalación no Concello de Xinzo dunha Estación Permanente da Inspección Técnica de Vehículos (ITV).**
- 2. Poñer á disposición da citada Consellería os terreos e servizos complementarios correspondentes necesarios para a súa construción.**
- 3. Facultar ao señor Presidente para cantos trámites sexan precisos coa finalidade de facer efectivos estes acordos.**

Asdo.: Amador Díaz Penín

Asdo.: Ramiro Rodríguez Suárez

En Xinzo da Limia, a 24 de abril de 2008

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA